

Turdus viscivorus (Linnaeus, 1758)

| |
|--|
|  tordo charlo |
|  zorzal charlo |
|  garraztarroa |
|  griva cerdana |
|  mistle thrush |
|  tordoveia |



| FILO | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|----------|-------|---------------|----------|---------------|
| Chordata | Aves | Passeriformes | Turdidae | <i>Turdus</i> |



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

| | |
|--------------------|----------|
| Peso | 120 g |
| Lonxitude | 26-29 cm |
| Envergadura | 42-47 cm |

ALIMENTACIÓN

Invertebrados diversos, engadindo froitos e sementes durante o outono e o inverno.

COMPORTEMENTO

O seu carácter desconfiado non lle permite formar grandes grupos. O macho e a femia conxuntamente constrúen un niño en forma de copa usando herba, paus pequenos, terra e musgo.

REPRODUCCIÓN

O celo comeza dende febreiro. Realiza ata tres postas, de 3-5 ovos azulados/verdosos cada unha, que a femia incuba 12-15 días. Os polos serán alimentados durante 12-15 días, aínda que non se independizan ata dúas semanas máis tarde.

HÁBITAT

Ambientes forestais tanto pechados como abertos, de coníferas e carballos, preto de auga.

DISTRIBUCIÓN

Esténdese por toda Europa, metade occidental de Asia e a franxa mediterránea africana.

CURIOSIDADES

O seu epíteto específico, *viscivorus*, provén de que se trata dun paxaro especialmente afeccionado a comer o froito pegañento do visgo (*Viscum album*), *muérdago* en castelán. É grazas aos tordos que esta planta se reproducen, pois é unha parasita das ramas das árbores e precisan dun vector (neste caso, o paxaro) que transporte as súas sementes de novo ás ramas para xerminar.

No noso territorio aparece a forma nominal.